



**ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN DE DETERMINADAS ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DOS RECURSOS ZOOXENÉTICOS AUTÓCTONOS DE GALICIA, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014\_2020.**

En Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2017

**REUNIDOS**

Dunha parte, Don Alfonso Rueda Valenzuela vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro polo que se nomea aos titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, actuando en nome e representación da Fundación Semana Verde de Galicia, na súa condición de Presidente.

Doutra parte, Dona Ángeles Vázquez Mejuto actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Cada un intervén en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar este Convenio de colaboración.

**EXPOÑEN**

**Primeiro.** Que o 3 de xuño de 2016 se asinou o Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Fundación Semana Verde de Galicia para a execución de determinadas actividades de promoción dos recursos zooloxénicos autóctonos de Galicia, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do PDR de Galicia 2014\_2020. O convenio foi subscrito no marco da Medida 10.2: conservación de recursos xenéticos na agricultura, do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014-2020, e máis concretamente encadradas na Submedida 10.2 do Programa de desenvolvemento rural de Galicia para o




período 2014-2020, apoio á conservación e o uso e desenvolvemento sostibles dos recursos xenéticos na agricultura.

**Segundo.** Na Cláusula Terceira do convenio, Gastos financiáveis, no último parágrafo da mesma recóllese:

*“O convenio subscríbese no marco da Submedida 10.2 do Programa de desenvolvemento rural de Galicia, sendo a intensidade da axuda do 80% dos gastos subvencionables, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) cunha porcentaxe de financiamento do 75%, o 7,5% correspondería ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e o 17,50% restante á Xunta de Galicia. ...”*

**Terceiro.** O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014-2020, foi aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015) 8144 do 18 de novembro de 2015. No apartado 8.2.9.3.4.8. do texto do mesmo recóllense os Importes e porcentaxes de axuda aplicables á Submedida 10.2 Conservación de recursos xenéticos na agricultura: *“A intensidade da axuda será do 100% dos gastos subvencionables naquelas actuacións executadas pola Administración Autonómica e os seus entes instrumentais. Para o resto de beneficiarios a intensidade da axuda será do 80% dos gastos subvencionables.”*




**Cuarto.** Posteriormente, o 2 de decembro de 2016 a Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, a través da Autoridade de Xestión do PDR enviou unha proposta de modificación do texto do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014-2020. Na mesma contéplase, para o apartado 8.2.9.3.4.8 anteriormente citado, unha modificación da súa redacción do xeito que a continuación se describe: *A intensidade da axuda será do 100% dos gastos subvencionables naquelas actuacións executadas pola Administración Autonómica e os seus entes instrumentais. A intensidade da axuda tamén será do 100% cando o beneficiario sexa unha entidade con personalidade xurídica, agrupación ou organización de produtores que teñan entre os seus obxectivos e ámbitos de actuación a preservación dos recursos gandeiros. Para o resto de beneficiarios a intensidade da axuda será do 80% dos gastos subvencionables.*

Cómpre por tanto, actualizar a Cláusula Terceira do texto do convenio de tal forma que recolla a modificación citada relativa á nova intensidade da axuda que o PDR vai contemplar para as actuacións recollidas no mesmo.

Por todo o anterior, as partes acordan asinar a presente addenda ao convenio descrito no expoñendo primeiro conforme ás seguintes cláusulas:





## CLÁUSULA

### PRIMEIRA.

Modifícase o último parágrafo da cláusula **Terceira\_Gastos financiáveis** quedando redactado como segue:

*“O convenio subscribíse no marco da Submedida 10.2 do Programa de desenvolvemento rural de Galicia, sendo a intensidade da axuda do 100% dos gastos subvencionables, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) cunha porcentaxe de financiamento do 75%, o 7,5% correspondería ao Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente e o 17,50% restante á Xunta de Galicia. O financiamento das actuacións do presente convenio é incompatible con calquera outro que proveña de fondos comunitarios, pero si o podería ser con outros fondos públicos ou privados achegados para o efecto. En todo caso, deberá garantirse a non existencia de dobre financiamento para a mesma actuación.”*

### SEGUNDA.

A eficacia desta addenda, que producirá efectos dende o 1 de xaneiro de 2017, estará condicionada á aprobación da proposta de modificación do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014-2020 enviada o 2 de decembro de 2016 á Comisión.

### TERCEIRA.

A addenda axustarase en todo o non especificamente regulado nela, ao réxime xurídico establecido no convenio do que trae causa.

E, en proba de conformidade, as partes asinan por duplicado exemplar esta addenda, no lugar e data indicados no encabezamento.

O vicepresidente e conselleiro de  
Presidencia, Administracións Públicas  
e Xustiza, en representación da  
Fundación Semana Verde de Galicia



Alfonso Rueda Valenzuela

A conselleira do Medio Rural



Angeles Vázquez Mejuto